

Área: Competicións

Circular nº 21 - Temp. 25/26

XORNADA DO 24 E 25 DE XANEIRO DE 2026

A Federación Galega de Balonmán informa que, tras a recepción do Boletín nº 84 co “AVISO DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE ANTE A ALERTA DE VARIOS EPISODIOS DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS EN GALICIA”, en relación coa xornada do sábado 24 de xaneiro de 2026, e atendendo ás directrices marcadas polas autoridades competentes, así como coa intención de velar pola seguridade de todos os estamentos do balonmán galego, adopta as seguintes medidas:

1. PROTOCOLO PARA OS ENCONTROS DOS DÍAS 24 E 25 DE XANEIRO DE 2026

- 1.1. **No caso de encontros nos que algún dos dous equipos pertenza a localidades afectadas pola alerta**, procédese ao aprazamento da xornada en todas as categorías (base e sénior). Este aprazamento afectará a todos os encontros da fin de semana (24 e 25 de xaneiro), tanto no caso de xogar como local ou visitante.
- 1.2. **No caso de encontros nos que ningún dos dous equipos pertenza a localidades afectadas pola alerta**, pero teñan a necesidade de pasar por algunha das zonas afectadas durante o desprazamento, o club afectado poderá solicitar o aprazamento do encontro enviando un correo electrónico a administracion@fgbalonman.com antes das 18.00 horas do día de hoxe, venres 23 de xaneiro de 2026. Estes aprazamentos non implicarán custo algún para o club solicitante.
- 1.3. **No caso de que nas vindeiras horas ou no día de mañá (sábado) se emitan novas alertas que afecten a máis concellos**, aplicarase o mesmo criterio, habilitando o prazo para a solicitude de aprazamentos ata unha hora despois do envío do correspondente boletín.

2. DATAS LÍMITE PARA DISPUTAR OS ENCONTROS APRAZADOS

A Federación Galega de Balonmán determina que:

- 2.1. Os encontros que se poidan aprazar de **1ª Autonómica e 2ª Autonómica Feminina** disputaranse como data límite, podendo adiantarse de mutuo acordo entre os clubs implicados, a fin de semana do 21 e 22 de febreiro de 2026.

2.2. Os encontros que se poidan aprazar de **2ª Autonómica Masculina** disputaranse, como data límite e podendo adiantarse de mutuo acordo entre os clubs implicados, a fin de semana do 7 e 8 de febreiro de 2026, desprazándose a última xornada (xornada 14) á fin de semana do 14 e 15 de febreiro de 2026.

2.3. Os encontros que se poidan aprazar das **categorías base masculinas (infantil, cadete e xuvenil)** disputaranse como data límite, podendo adiantarse de mutuo acordo entre os clubs implicados, a fin de semana do 28 de febreiro e 1 de marzo de 2026.

2.4. Os encontros que se poidan aprazar das **categorías base femininas (infantil, cadete e xuvenil)** disputaranse como data límite, podendo adiantarse de mutuo acordo entre os clubs implicados, a fin de semana do 31 de xaneiro e 1 de febreiro de 2026, agás os equipos que teñan xogadoras convocadas pola RFEBM para actividades de tecnificación ou de seleccións nacionais, que terán como data límite a fin de semana do 28 de febreiro e 1 de marzo de 2026.

2.5. Os encontros que se poidan aprazar das **categorías alevín e benxamín** disputaranse como data límite, podendo adiantarse de mutuo acordo entre os clubs implicados, a fin de semana do 21 e 22 de febreiro de 2026.

3. ACLARACIÓN

As prohibicións actuais emitidas (venres ás 13:30 horas) nos boletíns 83 e 84 da Secretaría Xeral Para o Deporte, tan só afectan a algúns encontros do venres 23/01/2026, para o sábado tan só podería afectar no punto 1.2

4. RECOMENDACIÓNS

3.1. Rogamos comprensión e colaboración por parte de todos os axentes implicados no desenvolvemento dos encontros ante as medidas adoptadas, exclusivamente por motivos de seguridade.

3.2. Recomendamos que os clubs estean en contacto permanente para informar sobre posibles complicacións en ruta ou nas instalacións, co fin de evitar desprazamentos innecesarios.

3.3. Pregamos non aumentar o grao de preocupación de xeito innecesario; a Federación Galega de Balonmán aplicará as medidas de seguridade recomendadas polas autoridades competentes.

3.4. Recomendamos estar atentos/as ás posibles alertas que poidan xurdir nas vindeiras horas.

3.5. Ante calquera dúbida ou incidencia, rogamos que se poñan en contacto co teléfono de urxencias da Federación Galega de Balonmán: 670 892 328.

Federación Galega de Balonmán
En Vigo, a 23 de xaneiro de 2026.

